



NORMATIVA QUE REGULA O PROCESO

- [DECRETO 13/2022 DO 3 DE FEBREIRO POLO QUE SE REGULA A ADMISIÓN DE ALUMNADO \(DOG 11/02/2022\).](#)
- [ORDE DO 21 DE OUTUBRO DE 2022 POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 13/2022 \(DOG 08/11/2022\).](#)
- **RESULTADO DO SORTEO DO NÚMERO DE DESEMPATE. 25 DE FEBREIRO.**

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- A solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar e poderá conter ata 6 colexios por orde de preferencia. Deberase alegar os criterios que pretendan que se lles valoren. Despois de presentar unha solicitude, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que se presente (“supostos específicos”).
- A solicitude de admisión será única para cada alumno/a e ten carácter vinculante.
- A presentación dunha solicitude implica que son certos os datos contidos nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión sen renunciar expresamente á anterior poderá ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.
- A través da aplicación [admisionalumnado](#) poderán consultar distintos datos como: o cronograma coas datas dos trámites principais, a previsión de postos escolares dispoñibles, a listaxe provisional e definitiva de alumnado admitido utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede da Xunta de Galicia ...
- A admisión e matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o seu proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado, se o tivese.
- Sinatura en consentimento. Os artigos 26.6 e 46 da orde establecen que en todos os casos de solicitude (de reserva, admisión ordinaria e escolarización extraordinaria) de alumnado menor de idade non emancipado **é necesario o consentimento das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras**, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

En consecuencia, todas as solicitudes deben figurar asinadas por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras, e debe xuntarse a todas o documento asinado co consentimento da outra (modelos: anexo I-bis, anexo II-bis). Non obstante, nos casos de ausencia puntual da outra persoa proxenitora non separada nin divorciada, ou da outra persoa titora ou acollidora por circunstancias excepcionais (laborais, familiares, ...), poderá admitirse a presentación dunha declaración responsable da persoa que asine a solicitude indicando o motivo que impida o consentimento expreso da outra.

SOLICITUDES

Presentarase unha única solicitude segundo o modelo ANEXO II (ED550B), que poderá:

- Recollerse no centro ([Anexo II](#) galego) ([Anexo II](#) castelán)
- Cumprimentarse na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>
- Descargarse e cubrila de forma manual ou electronicamente: na sede electrónica da Xunta , en [admisionalumnado](#) ou na páxina da Consellería de Educación.

Unha vez cuberto o formulario deben imprimilo (se é o caso) e entregalo no centro educativo que desexan en primeiro lugar ou presentalo a través da sede electrónica utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede da Xunta de Galicia